



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 2 DE MARZO DE

2015

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día dous de marzo de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa don Felipe Andreu Barallobre e don Santiago Manuel Ríos Rama.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 23 de febreiro de 2015

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 23 de febreiro de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros presentes que asistirán á citada sesión (non asistiron don Fernando Caride Suárez e dona Marta Maria Vázquez Golpe), aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia

- Resolución de 19 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se desenvolve a información a subministrar polas corporacións locais relativa ao esforzo fiscal e a súa comprobación nas Delegacións de Economía e Facenda. (Boletín Oficial do Estado número 52, do día 2 de marzo de 2015).

- Convocatoria da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación Provincial da Coruña, de bolsas para deportistas da provincia para o ano 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 39, do día 27 de febreiro de 2015).

- Bases I concurso de fotografía do Entroido Pequeno de Cambre 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 39, do día 27 de febreiro de 2015).



- Bases do XXII certame literario de poesía e narración breve, Cambre 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 39, do día 27 de febreiro de 2015).
- Resolución do 20 de febreiro de 2015, da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se aproban as bases de subvencións a festivais de artes escénicas e de música e se convocan para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 40, do día 27 de febreiro de 2015).
- Resolución do 17 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral da Emigración, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de emerxencia social e para a realización de viaxes por razóns de interese social, asistencial ou humanitario, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 37, do día 24 de febreiro de 2015).
- Resolución do 11 de febreiro de 2015, da Axencia de Turismo de Galicia, Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se anuncia a licitación para a contratación do servizo, suxeita á regulación harmonizada, para a roza, limpeza e mantemento básico dos camiños de Santiago, licitado por procedemento aberto, con pluralidade de criterios. (Boletín Oficial do Estado número 48, do día 25 de febreiro de 2015).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que a semana pasada remataron as obras de reparación do campo de chave da ría, que era unha demanda feito polos usuarios.

A continuación informa que para o luns da vindeira semana se prevé o peche total do campo de fútbol Dani Mallo para os efectos de poder realizar a obra "Reposición de céspede sintético no campo de fútbol municipal Dani Mallo. Engade que esta obra se adxudicou á entidade Calfensa Proyectos, S.L., no prezo ofertado de 187.442,72 euros, IVE incluído.

Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez informa que previsiblemente esta semana se asinará o contrato da adxudicación de remodelación da piscina da Barcala.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa respecto da feira tradicional, así manifesta que os interesados presentaron toda a documentación para a renovación dos postos. Hai nove persoas que non renovaron, a maioría deles son os da zona do campo dos cochos. Engade que o seguinte paso que hai é a entrega dunha circular aos feirantes por se alguén quere acceder a un cambio de posto. Os nove que quedan se adxudicarán aos que están na lista de espera.

A seguir informa que o pasado sábado día 28 de febreiro e domingo 1 de marzo tivo lugar a feira de oportunidades Temple Stock no polideportivo do Temple. Manifiesta que aínda non ten os resultados e que informará respecto deles a vindeira semana.



Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que con data do día 27 de febreiro do ano que andamos ditou a resolución número 339/2015, pola que se concede a licenza ao Servizo Galego de Saúde, Consellería de Sanidade para construír o centro de saúde do Temple, na unidade de execución de solo urbano número 11 das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre.

A seguir informa que un ano máis, está a realizar as prácticas un estudante da Escola de Arquitectura Técnica.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que a semana pasada tivo unha reunión con técnicos dos Concellos de Sada e Oleiros, a cal asistiron tamén o señor alcalde e o concelleiro de Obras e Servizos de Sada, co fin de solucionar os problemas de saneamento e pluviais no colector do Espírito Santo. Engade que se trataría de separar as augas fecais e pluviais que veñen mezcladas e provocan un problema no saneamento.

A continuación informa que esta semana se prevé que rematen as obras da rúa Ramón Cabanillas da remodelación da beirarrúa; tamén di que se rematarán as obras para repoñer a auga no lavadoiro de Altamira. Igualmente manifesta que mañá comezan as obras no soto do apeadoiro de Cecebre no que se derrubará unha parede para ampliar o local e se farán uns aseos.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que se están a ultimar os actos para celebrar o día internacional da muller. A celebración queda programada para as vindeiras semanas, tanto as actividades de corresponsabilidade nos colexios como o acto no que se presentará o proxecto de equilibrio e balance, o cal se financia con fondos europeos e organizado polo Instituto da Muller e a FEMP. Engade que están pendentes da confirmación da súa asistencia ao acto no que se desenvolverá unha mesa redonda con expertos en Igualdade.

Informes da alcaldía

O señor alcalde informa que o sábado se reuniu coa ministra de Fomento a fin de reclamar a execución inmediata da obra da rotonda da Rocha, na nacional 550. Di que espera noticias nun breve período de tempo.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia